

CAPRICE

Costa dá Lonxa, 18
15670, Culleredo, A Coruña
Teléfono: 881964135



INFORMACIÓN XERAL

Atención ao público e outra información de interese

- Non dispón de cartas adaptadas -fotografías, mp3, braille, idiomas.-
- Non hai persoal signante
- Permiten o acceso con cans guía e/ou de asistencia
- Non se previu a evacuación de persoas con discapacidade de maneira específica.

Acceso e zona de atención ao público

- Está xunto a unha praza axardinada, moi próximo tamén a outra praza equipada cun xardín infantil.
- Hai unha zona de aparcadoiro próxima na que hai dúas prazas reservadas para PMR, é aparcadoiro ao aire libre, público e nunha zona plana.
- O interior do local está a diferente cota que o exterior polo que hai que salvar un chanzo de 7 cm seguido dunha rampla de 90 cm cun 5% de pendente.
- A terraza está no exterior, pechada con portas de corredeira, ten acceso por unhas portas acristaladas de corredeira con chanzo pero tamén ten outro acceso desde o interior sen desniveis.
- Itinerario interior desde a entrada ata zona de servizo é plana e sen barreiras.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- O Bar está situado á entrada do establecemento, as propias mesas do bar son tamén do comedor interior.

Características

- Non hai desniveis dentro do local.
- A anchura mínima do espazo de circulación é de -90cm-.
- O pavimento é liso e homoxéneo, non presenta ningún tipo de dificultade aos usuarios de cadeiras de rodas, bastóns ou andadores-
- A barra do bar non ten servizo a dobre altura.
- Hai asentos de barra. Son taburetes de madeira móbiles, lixeiros, sen respaldo.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Desde a porta do establecemento accédese directamente ao comedor que é o mesmo espazo físico que o bar.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é de -90cm-.

- O pavimento é liso e homoxéneo, non presenta ningún tipo de dificultade aos usuarios de cadeiras de roda, bastóns ou andadores-
- As mesas son rectangulares, móbiles con pata central, o que dificulta a aproximación frontal aos usuarios de determinados tipos de cadeiras de rodas.
- O espazo inferior de aproximación das mesas é de 73(alto) x 80(ancho) x 40(fondo) a altura superior é de 80cm.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- O aseo adaptado está situado atravesando a zona de bar, nunha esquina do establecemento, é á mesma vez o aseo de mulleres.

Entrada ao aseo

- Sinalización exterior co SIA -non-.
- Tipo de porta - corredeira-
- Mecanismo de apertura -tirador-
- A anchura de paso é de 80cm.

Cabina

- Cabinas adaptadas -1-.
- Sinalización co SIA -non-
- Tipo de porta - corredeira-
- Mecanismo de apertura -tirador-
- Mecanismo de peche -chaveta manipulable co puño pechado ou co cóbado-.
- A anchura de paso é de 75.
- Diámetro viro libre de obstáculos >150.
- Control de iluminación - sensor de presenza-
- Sistema de alarma -non-

Lavabo

- Localización -dentro da cabina, fronte á porta-.
- Tipo de billa - monomando-
- A billa está situado a 90 cm.
- O espazo inferior de aproximación do lavabo é de 76(alto) x 80(ancho) x 41(fondo) e a altura superior é de 88cm.
- O espello é -fixo-.
- O bordo inferior está a 100 e o superior a 240
- Dispón de -xaboeira, seca mans - e a altura de uso é de 110 e 140 respectivamente.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 180cm
- Conta con espazo de transferencia -no lado dereito de máis de 80 cm de anchura
- Só conta cunha barra abatible no lado dereito a 85 cm de altura.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 47cm.
- O mecanismo de descarga de cisterna é - pulsador-, está situado na parede a 100cm do chan, pódese activar co cóbado o puño pechado -si - e require un esforzo - medio-.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- A barra está fronte á porta de entrada, antes de chegar a ela xa hai mesas onde sentar.

- As mesas do bar/comedor están situadas fronte á barra e son de dous tipos, altas, con cadeiras altas, ou de altura normal e pata central.
- Hai mesas na terraza exterior que está na beirarrúa, sobre unha plataforma que elimina o desnivel da beirarrúa converténdoa nun espazo plano. A terraza está totalmente pechada e cuberta.

Características

- As portas son con marco opaco de aluminio pero con grandes superficies acristaladas, o marco é o único elemento de contraste ademais dun vinilo translucido que permite distinguir a presenza da superficie acristalada.
- O chan é totalmente liso e non é reflector polo que non produce deslumbramentos-
- A iluminación é -homoxénea, intensa -.
- A barra conta con iluminación identificativa.
- Non hai elementos voladizos e susceptibles de xerar tropezos.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- O comedor está ao fondo do local, non hai desniveis para chegar ao desde o interior, tampouco hai portas que separen o espazo.

Características

- As portas que comunican con outras estancias son opacas e teñen cor contrastada.
- O chan é totalmente liso e non é reflector polo que non produce deslumbramentos-
- A iluminación é -homoxénea, intensa -.
- Parte do mobiliario é de cor contrastada (hai mesas con taboleiro branco e cadeiras en branco ou azul claro) e outra parte é en cor madeira igual que o chan, as paredes son parcialmente brancas ou acristaladas o que permite distinguir mellor ou peor algúns mobles.
- Non hai presenza de elementos voladizos susceptibles de xerar tropezos.

Aseos

- Non están sinalizados nin en altorrelieve nin en braille.
- A cor dos elementos destaca con respecto a paredes e chan, non.
- En caso de emerxencia, a alarma é audible desde a zona de aseos, si.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

Localización e itinerarios

- Non hai desde a porta posibles barreiras auditivas.

Características

- Non hai avisos luminosos ou calquera outro equipamento de accesibilidade para persoas xordas.

SALÓN COMEDOR

- Conta con carta escrita.
- Non hai persoal signante.

ASEO

- Están sinalizados, si.
- Nas cabinas, o pestillo non ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta non ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia non conta con sistema de alarma visual.